

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 5 de novembro de 2024 pola que se acorda a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes no procedemento regulado pola Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual (código de procedemento TU986B).

O 14 de xuño de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual (código de procedemento TU986B).

O prazo para a presentación de solicitudes comprendía desde o día seguinte ao da publicación da mencionada resolución no DOG ata o día 14 de novembro de 2024.

Tendo en conta a dificultade técnica da presentación dos proxectos subvencionables, resulta aconsellable, para promover e facilitar a participación neste procedemento, ampliar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria ata o 9 de decembro de 2024. Ao tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, a ampliación do prazo de presentación de solicitudes non causa prexuízo a terceiros.

Con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), indica que a Administración poderá acordar a ampliación dos prazos establecidos de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

CVE-DOG: qngrp8d9-y8r9-28g4-lvr5-hhy7c0nf22m6



RESOLVO:**Primeiro. *Ampliación do prazo de presentación de solicitudes***

Modifícase o artigo 9 das bases reguladoras da Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual (código de procedemento TU986B), no referente ao prazo de presentación de solicitudes, de maneira que a data límite de presentación de solicitudes se amplía ata o 9 de decembro de 2024.

Segundo. *Publicidade da ampliación do prazo de presentación de solicitudes*

Publícase esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos previstos nos artigos 44 e 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. *Recursos*

De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra o presente acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Cuarto. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

O director da Axencia de Turismo de Galicia
P.S. (Artigo 19.6 do Decreto 196/2012; DOG núm. 193, do 9 de outubro)
Antonio Casas Calviño
Xerente da Axencia de Turismo de Galicia

CVE-DOG: qngpr8d9-y8r9-28g4-lvr5-hhy7c0nf22m6

